



# Espazos sonoros

músicas en espazos de  
interese cultural <<<<

Do 14 de setembro ao 26 de outubro de 2014

[espazossonoros.org](http://espazossonoros.org)  
[cultura.xunta.es](http://cultura.xunta.es)

XUNTA DE GALICIA

# Espazos sonoros

## Organiza

Xunta de Galicia  
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria  
Secretaría Xeral de Cultura

## Dirección artística

Belén Bermejo López

## Redacción

Andrés Díaz Pazos e Belén Bermejo López

## Asesoramento lingüístico

Secretaría Xeral de Política Lingüística

## Coordinación, deseño e comunicación

Sirgo Torcendo

## Imprime

tórculo

DL: C 985-2014



# Espazos sonoros

A capacidade creativa do ser humano e o seu interese polos acontecementos que o precederon dan lugar a unha vontade colectiva de preservación, ao longo do tempo, do conxunto de bens materiais e inmateriais, que nos pertencen a todos. O noso patrimonio cultural, froito da nosa propia e singular historia, é único e extremadamente rico. É certamente unha honra colectiva, que nos axuda a saber de onde vimos e o que somos, que temos o deber e o dereito de coñecer e de conservar.

Pero, ademais, temos o pracer de gozar del e de lle ter aprecio. O conxunto de actividades e concertos que cada ano nos propón Espazos Sonoros convidanos a vivir colectivamente esa riqueza patrimonial espallada polo conxunto do territorio, a través dos sentidos e co poder engaiolante da música.

Nesta sétima edición a programación musical de Espazos Sonoros fainos viaxar polas antigas melodías europeas, achéganos á paisaxe dos tubos dos órganos das igrexas, fainos participes das novas propostas escenográficas e de canción de autor galegas... Ofrécenos, en definitiva, unha ampla programación participativa, variada e dirixida a un público amplo, xa que tanto aquel máis especializado como o menos habituado a asistir ás programacións musicais teñen as portas abertas para unha nova descuberta.

Xesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

# Espazos sonoros

Con orgullo e agradecemento presentamos unha nova edición dos Espazos Sonoros, botando unha ollada atrás a sete anos de frutífero, colaborativo e inspirador traballo cheo de momentos inesquecibles, de encontro entre artistas e públicos, nos espazos que testemuñan a nosa memoria artística, cultural e musical.


Novamente, partillarán diversos e improvisados escenarios, artistas e formacións que dan boa mostra do talento creativo do país, xunto a formacións convidadas de sólida traxectoria, abrindo unha fiestra pola que ollar e poñerse ao día do que acontece aquí e fóra. Música antiga, música e danza contemporáneas, xunto a eclécticos proxectos que combinan con mestría as raíces e a tradición para devolvelas á contemporaneidade, son adubo da nosa proposta que será escenificada en espazos nos que seguir construíndo apego, coidado e memoria.

Xornadas de lecer e convivencia no patrimonio e na natureza, xunto con obradoiros e visitas guiadas axudarán a fornecer a compoñente divulgativa e pedagóxica que sustenta este proxecto. Todo isto sen deixar de lado a nosa querencia polo patrimonio organístico galego que, unha vez máis, é protagonista de diferentes actividades musicais e formativas, nas que o público máis pequeno será especial convidado a través dun entretido obradoiro de organería.

Coma sempre, o máis sincero agradecemento ao noso público pola súa fidelidade, apertura de mentes e curiosidade, alicerces sobre os que imos construíndo, de ano en ano, un novo concepto para a programación.

Congratulámonos, pois, de reencontrámonos nos Espazos Sonoros!

Belén Bermejo López  
Directora artística do festival Espazos Sonoros



## SETEMBRO

**Domingo 14, 20.00 h** **laReverdie** ...páx. 08

IGREXA DE SANTA MARÍA, BAIONA (PONTEVEDRA) ...páx. 44

**Sábado 20, 16.30 h** **Obradoiro infantil de organería** ...páx. 10

IGREXA DA UNIVERSIDADE, SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA) ...páx. 39

**Domingo 21, 19.00 h** **Marco Aurélio Brescia** ...páx. 12

IGREXA DE IRIA FLAVIA, PADRÓN (A CORUÑA) ...páx. 40

Coñece o teu patrimonio: ás 10.30 h, roldas pola paisaxe organística galega ...páx. 13

**Sábado 27, 19.00 h** **E Ulteira** ...páx. 16

IGREXA DA NOSA SEÑORA DOS DESAMPARADOS DE ABADES, SILLEDA (PONTEVEDRA) ...páx. 50

Coñece o teu patrimonio: ás 10.00 h, xornada Abades a través da historia ...páx. 17

**Domingo 28, 19.00 h** **Cuarteto Skirion** ...páx. 18

SAN PEDRO DE ROCAS, ESGOS (OURENSE) ...páx. 46

Coñece o teu patrimonio: ás 15.00 h, ruta polo Camiño Real de San Pedro de Rocas ...páx. 19

## OUTUBRO

**Sábado 4, 20.30 h** **Mercedes Hernández e Fernando Reyes** ...páx. 20

SANTA MARÍA DO AZOGUE, BETANZOS (A CORUÑA) ...páx. 54

**Domingo 5, 19.00 h** **Doa** ...páx. 22

SANTA MARIÑA DE AUGAS SANTAS, ALLARIZ (OURENSE) ...páx. 48

Coñece o teu patrimonio: ás 15.00 h, ruta polo castro de Armeá e o conxunto de Santa Mariña ...páx. 23

**Sábado 11, 19.00 h** **Marco Beasley & friends** ...páx. 24

SAN VICENTE DE POMBEIRO, PANTÓN (LUGO) ...páx. 53

Coñece o teu patrimonio: ás 18.00 h, visita guiada ...páx. 25

**Sábado 18, 17.30 h** **Obradoiro de achegamento á música antiga** ...páx. 26

PAZO DE TOR, MONFORTE DE LEMOS (LUGO) ...páx. 36

Coñece o teu patrimonio: ás 16.30 h, visita guiada ...páx. 27

**Sábado 25, 19.00 h** **Voltage opposites** ...páx. 28

IGREXA DA MAGDALENA, RIBADAVIA (OURENSE) ...páx. 42

**Domingo 26, 12.30 h** **Xoán Curiel** ...páx. 30

POBOADO MINEIRO DE FONTAO, VILA DE CRUCES (PONTEVEDRA) ...páx. 34

Coñece o teu patrimonio: ás 11.00 h, visita guiada ...páx. 31

# Espazos sonoros

Programa... 2014 >>

## COMO CHEGAR:

Para coñeceres a localización de cada un dos espazos, busca en Googlemaps o mapa de Espazos Sonoros 2014.

## DEBES TER EN CONTA:

Os concertos e as actividades son de balde ata completar a capacidade.

Nas actividades e concertos con prazas limitadas sinaladas no catálogo é imprescindible a inscrición previa nas datas establecidas.

Cada persoa poderá facer un máximo de catro reservas.

Para a reserva deberase achegar o nome completo e o número do DNI de cada unha das persoas participantes, así como un teléfono de contacto.

O día da actividade ou concerto deberase entregar impresa a mensaxe recibida por correo electrónico coa confirmación da inscrición.

Non se lle permitirá a entrada a ningunha persoa que non estea inscrita previamente.

Información detallada en [www.espazossonoros.org](http://www.espazossonoros.org)

[www.espazossonoros.org](http://www.espazossonoros.org)

## laReverdie ...///

Igrexa de Santa María, Baiona (Pontevedra)

CONCERTO INAUGURAL

Domingo 14 de setembro >> 20.00 h

### VERGINE BELLA

A FIGURA FEMININA NO MEDIEVO, ENTRE A DEVOCIÓN E O MISTICISMO

OBRAS DE DUFAY, HILDEGARD VON BINGEN, MOTETES E LAUDI DOS SÉCULOS XIII, XIV E XV

**Claudia Caffagni**, voz e laúde

**Livia Caffagni**, voz, frauta, *viella*

**Elisabetta de Mircovich**, voz, *viella*, sinfonía, campás

Fundado nos anos oitenta por catro mulleres, as irmás Caffagni e de Mircovich, o grupo italiano laReverdie é xa un dos referentes na interpretación dos repertorios medievais vocais e instrumentais. Ao longo da súa traxectoria, o grupo vén desenvolvendo unha frutífera actividade discográfica e de éxitos sobre os escenarios de todo o mundo, así como un amplo labor de investigación e de recuperación da música da Idade Media. As súas actuacións destacan pola maneira viva, natural e fresca de comunicarse co público e por un refinado virtuosismo, tanto na execución vocal coma na instrumental.

O programa, que leva por título un verso de Petrarca ao que lle puxera música Guillaume Dufay, *O Vergine Bella*, vira arredor do universo do feminino e

das diversas representacións da figura feminina que se plasman a través do sentimento relixioso medieval. As obras interpretadas no programa abordan a figura da Virxe María, como nai de Deus, fonte de inspiración e figura central do pensamento do medioevo, así como a nova orientación que adopta a devoción mariana, a partir do segundo milenio, que adquire un ton cabaleiresco, por influencia do amor cortés. O programa non esquece a produción intelectual que florece ao longo de todo o medioevo, de numerosas mulleres que desenvolven unha intensa actividade poética, musical, científica, política ou teolóxica, como Hildegard von Bingen ou Caterina da Vigri, mulleres que destacaron nun universo eminentemente masculino. Por último, o programa abordará tamén o culto ás santas que, a partir do século XIII, irá deixando como testemuño numerosos textos que narran, en ton de aventuras, as vidas destas mulleres.

[lareverdie.com](http://lareverdie.com)



## >> Obradoiro infantil de organería

Igrexa da Universidade, Santiago de Compostela (A Coruña)

Sábado 20 de setembro >> 16.30 h

OUTRAS ACTIVIDADES

Por que lle chamamos ao órgano o rei dos instrumentos?, como funciona?, como soa?, como é por dentro?, sabías que non é o mesmo un organeiro ca un organista?...

O órgano é un instrumento que non deixa indiferente a ninguén, especialmente ao público máis cativo. Ten algo de misterioso polo seu gran tamaño e polo xeito de producir os sons. Tamén pola súa situación en lugares que, as máis das veces, non nos deixan ver o intérprete.

Espazos Sonoros, fiel aos seus obxectivos de valorización do patrimonio histórico e musical e de formación de novos públicos para a música, propón de novo esta singular actividade de achegamento ao mundo do órgano e os seus oficios. Desta volta, trasladámonos á Igrexa da Universidade, en Santiago de Compostela, para pasar unha tarde de traballo e de xogo arredor dun órgano histórico. Esta nova edición do obradoiro non se concibe como continuación da anterior, nin tampouco repetición desta. Poderán inscribirse nenos e nenas que non participaron na anterior edición e, os que repitan, gozarán igualmente de novas experiencias arredor dos órganos.

A actividade propón un primeiro contacto co mundo do órgano como instrumento musical, ademais de

proporcionarlles aos rapaces e rapazas orientación profesional arredor dos oficios relacionados con estes instrumentos: o de organista e o de organeiro. Ademais farase unha visita guiada polo órgano para apreciar de ben preto as súas partes, os tubos da fachada, o fol, o interior da caixa e experimentar os diferentes sons que estes instrumentos son capaces de producir a través do rexistro. A tarde complementarase con diferentes xogos para familiarizarse coa terminoloxía básica relacionada coa organería e unha pequena demostración do funcionamento con pequenos tubos que os nenos e nenas poderán manipular.

**Capacidade máxima:** 15 persoas


**Inscripción:** do 6 ao 17 de setembro en [actividades@espazosonoros.org](mailto:actividades@espazosonoros.org)

**Lugar de encontro:** na porta da igrexa da Universidade na praza de Mazarelos

**Público:** nenas e nenos dos 6 anos en diante

**Obxectivos:**

- \_Familiarizar as nenas e os nenos co mundo do órgano, coa súa música e cos oficios relacionados con este instrumento
- \_Axudar a desenvolver destrezas manuais e musicais
- \_Crear novos públicos para a música de órgano



## Marco Aurélio Brescia ...///

Igrexa de Iria Flavia, Padrón (A Coruña)

Domingo 21 de setembro >> 19.00 h

### ARREDOR DO LIBRO DE ÓRGANO DE MELCHOR LÓPEZ (1781)

Como peche á xornada de rolda polos órganos das terras de Santiago, poderemos gozar dun concerto no órgano barroco de Iria Flavia da man do organista italo-brasileiro asentado no Porto, Marco Aurélio Brescia. Marco Aurélio Brescia é pianista, organista e doutor en musicoloxía e coñecedor en profundidade da historia dos órganos galegos, tema que tratou na súa tese doutoral. Como organista desenvolve unha importante actividade artística con concertos nos máis importantes festivais e ciclos de órgano de Europa e América do Sur, e centra o seu traballo na interpretación histórica da música ibérica e italiana, repertorio no que ten traballado con mestres como Javier Artigas, Sergi Casademunt ou Emilio Moreno.

Para o órgano de Iria, Marco Aurélio Brescia presenta un programa baseado no libro persoal de órgano de Melchor López (1759-1822), unha importante

antoloxía de obras para órgano compilada polo que fora mestre de capela da Catedral de Santiago. É interesante notar tamén que os órganos que Melchor López atopou na catedral ao chegar a Compostela foron os do organeiro Manuel de la Viña, reconstruídos en 1777 por Manuel Sanz e Gregorio González, autores tamén do órgano de Iria Flavia no que se ofrecerá este concerto. É sobre estes elementos que se pecha a unidade conceptual do programa, xa que o instrumento da ex-colexiata constitúe unha fonte inestimable de inspiración para a recreación histórica da obra deste compositor galego de adopción e do contorno musical no que lle tocou vivir.

[marcobrescia.com](http://marcobrescia.com)



## >> Roldas pola paisaxe organística galega

Santiago de Compostela e Padrón (Coruña)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Domingo 21 de setembro >> 10.30 h

### A PAISAXE ORGANÍSTICA DE SANTIAGO E TERRAS DE SANTIAGO

Despois de dúas experiencias de éxito percorrendo os órganos da Mariña en Lugo e da diocese de Ourense, continúan as roldas pola paisaxe organística galega con outra aproximación ao abundante patrimonio organístico da cidade de Santiago de Compostela, que se estenderá por terras de Santiago para achegarse tamén a outros dous órganos históricos, o de Iria Flavia e o do convento do Carme, en Padrón.

A visita estará, unha vez máis, guiada por membros do equipo de catalogación dos órganos de Galicia e contará coa participación dun grande experto en historia da organería, o investigador e organista italo-brasileiro Marco Aurélio Brescia, doutor pola Universidade da Sorbona, cunha tese sobre a organería en Galicia e Portugal.

A visita rematará, como é costume, cun concerto a cargo deste organista na estación final de Iria Flavia.

#### Programa da rolda:

10.30 h Xuntanza na porta da igrexa do convento de San Francisco e rolda polos órganos de Compostela  
14.00 h Xantar libre  
16.30 h Encontro no paseo do Espolón de Padrón, xunto á ponte, e visita ao órgano do convento do Carme  
17.30 h Visita ao órgano de Iria Flavia  
19.00 h Concerto de órgano na igrexa de Iria Flavia

**Capacidade máxima:** 50 persoas

**Lugar de encontro:** Na porta da igrexa de San Francisco (Santiago de Compostela)

**Inscripción:** do 6 ao 17 de setembro en [actividades@espazossonoros.org](http://actividades@espazossonoros.org)

**Público:** actividade para todos os públicos




## OS ÓRGANOS DAS TERRAS DE SANTIAGO

Pódese afirmar, de xeito documentado, que desde primeiros do século XVI a cidade de Compostela foi o centro de construción de órganos e de formación de organeiros máis importante do noroeste peninsular. Probablemente esta actividade viñera xa sendo realizada na cidade desde a baixa Idade Media, pois sabemos que a catedral e algún outro templo contaban xa naquela altura con órgano, e mesmo que algún mestre foi construír instrumentos fóra, como é o caso de Alfonso Gondissalbo, en 1414, para a catedral de Barcelona.

A razón da profusión destes artesáns, coma doutros que asentaban en Compostela, non era outra que a existencia de numerosos clientes aos que atender. O primeiro deles, desde logo, a catedral e a súa fábrica, pero tamén os numerosos conventos e igrexas da cidade. Por esta causa hoxe en día a cidade alberga aínda 16 órganos (contando o da catedral como dobre), nun razoable estado de conservación, aínda que dos antigos de San Martiño Pinario só restan practicamente as caixas.

Nas proximidades da cidade tamén atopamos algúns instrumentos interesantes que foron fabricados por mestres composteláns ou que tiñan o seu obradoiro alí asentado. Destaca a vila de Padrón, que conserva 4 órganos de moi diversa factura e calidade, un deles, dos máis singulares de Galicia: o da ex-colexiata de Iria Flavia.

A rolda deste ano percorrerá algúns dos instrumentos máis interesantes da cidade de Compostela e, a través dela, poderemos coñecer máis sobre diversos órganos que existiron e existen na cidade e explicar as características e partes esenciais destes instrumentos para, posteriormente, visitarmos dous exemplares máis na vila de Padrón, onde remataremos cun concerto en Iria Flavia.



## Música antiga E Ultraia e Os menestres de 1500 ...///

Igrexa da Nosa Señora dos Desamparados de Abades, Silleda (Pontevedra)

Sábado 27 de setembro >> 19.00 h

### OS GOZOS DA NOSA SEÑORA

UNHA ROMAXE MUSICAL

(PROXECTO ARREDOR DAS MÚSICAS DO SANTUARIO DE ABADES. ESTREA ABSOLUTA)

O sorprendente conxunto do santuario da Nosa Señora dos Desamparados de Abades, no concello de Silleda, é un de tantos recunchos descoñecidos de Galicia nos que se desenvolveu ao longo do tempo unha modesta pero interesante actividade musical, da que temos noticia polos libros de fábrica do santuario. Nas novenas da Nosa Señora dos Desamparados era costume contratar uns acólitos-cantores que, xunto co organista, interpretaban os *Gozos da Nosa Señora*, cantos devocionais dedicados á Virxe e aos episodios máis destacados da súa vida, de fonda tradición

litúrxica, musical e literaria na Península (Gonzalo de Berceo, as *Cantigas de Santa María*, o *Llivre Vermell de Montserrat*, entre outros). O programa pretende recrear aqueles elementos musicais que permiten explicar a funcionalidade do santuario como lugar de romaxes e a importancia da música na tradición e historia deste singular conxunto.

O Coro E Ultraia, unha das mais recoñecidas formacións corais galegas, especializada na interpretación de repertorios medievais e renacentistas, interpretará diferentes versións dos *Gozos da Virxe*, de diferentes autores e épocas, todas elas cunha enorme calidade literaria e musical, coma unha pequena homenaxe a aqueles que, no século XIX, procuraron manter viva entre os muros do santuario esa tradición centenaria.

[coroultraia.com](http://coroultraia.com)



## >> Abades a través da historia

Abades, Silleda (Pontevedra)

Sábado 27 de setembro >> 10.00 h

XORNADA DE PATRIMONIO, NATUREZA E LECER

Aproveitando o noso paso polo baixo Deza, Espazos Sonoros organiza unha xornada de lecer arredor do vizoso patrimonio histórico e natural do contorno do santuario de Abades. A xornada estará organizada en dúas etapas, a primeira delas unha ruta circular que partirá de Abades para percorrer diferentes elementos de interese histórico, artístico e natural. Logo do xantar, regresaremos para percorrer o interesante conxunto relixioso de Abades. Aquelas persoas que non poidan participar na primeira das etapas poderán incorporarse a esta segunda.

Xa en Abades, tras a visita, poderemos participar na degustación das coñecidas rosquillas elaboradas polas veciñas da parroquia, un produto gastronómico que é referente do concello de Silleda e nomeadamente da parroquia de Abades.

Pechamos esta xornada de romaría cun concerto na igrexa-santuario a cargo do Coro E Ultraia, que recreará o ambiente musical que, ao longo da historia do santuario, caracterizou as celebracións relixiosas do lugar no que o canto dos *Gozos da Nosa Señora* tivo sempre un papel principal.

#### Non esquezas:

- \_Calzado cómodo para camiñar
- \_Unha gorra para o sol
- \_Un impermeable por se chove
- \_Un pequeno refrixerico e bebida para o xantar
- \_Auga, chocolate e unha mazá para o camiño

#### Programa da xornada:

1.ª Etapa: saída ás 10.00 h do campo da festa de Abades. Visita á mámoa de Chousa Nova, o pazo da Viña, a estación de tren, a ponte de Cotiño, os muíños do río Cervaniña e a fervenza da Burata.

Ás 14.00 h chegada á Granxa Escola Fervenza do Toxa e xantar. Cada unha das persoas participantes deberá encargarse de traer o seu xantar e bebida.

Ás 15.30 h saída da Granxa Escola Fervenza do Toxa para volver a Abades.

2.ª Etapa: ás 16.00 h, xunto ao campo da festa, visita ao conxunto relixioso de Abades: a igrexa parroquial, a igrexa románica de Santa María, a casa reitoral e o cruceiro.

17.30 h Degustación e obradoiros de rosquillas de Abades.

**Capacidade máxima:** 50 persoas

**Lugar e hora de encontro:** 10.00 h xunto ao campo da festa de Abades

**Inscripción:** do 13 ao 24 de setembro en [actividades@espazossonoros.org](mailto:actividades@espazossonoros.org)

**Duración:** 4 horas aproximadamente

**Distancia:** 12 Km

**Dificultade:** media

## Cuarteto Skirion ...///

San Pedro de Rocas, Esgos (Ourense)

Domingo 28 de setembro >> 19.00 h

### RECITATION BOOK

**Alejandro Cimadevila**, saxofón soprano

**Jorge García**, saxofón alto

**Alberto G. Noguero**, saxofón tenor

**Marcos Mariño**, saxofón barítono

O cuarteto Skirion está composto por catro mozos galegos, profesionais do saxofón, que se xuntaron en 2012 coa idea interpretar e dar a coñecer os extensos e variados repertorios de música existentes para esta singular formación instrumental, o cuarteto de saxofóns. O nome do grupo fai referencia ao deus grego dos ventos do noroeste, unha chiscadela tanto á procedencia xeográfica dos músicos como á familia dos instrumentos que tocan. A pesar da súa curta traxectoria, o cuarteto ten ofrecido xa numerosos concertos en diferentes escenarios de Galicia e do resto da Península, e mesmo alcanzou as semifinais do prestixioso Concurso Internacional de Música de Cámara de Illzach. En xaneiro de 2014 gravaron o seu primeiro traballo discográfico, *Recitation Book*, no que ofrecen un percorrido de grande alcance estilístico e de profundos contrastes con obras de Bach, Maslanka, Paul Creston ou Granados, para mostrar a maleabilidade interpretativa do saxofón.

O programa de concerto vértase arredor da obra que lle dá título, do compositor contemporáneo David Maslanka, con claras influencias da música renacentista e barroca, que alternará con outras obras de autores barrocos, na intención de achegar o saxofón a un período da historia da música no que, por mor da súa curta idade, aínda nunca estivo presente.



## >> Ruta polo Camiño Real de San Pedro de Rocas

Camiño Real de San Pedro de Rocas, Esgos (Ourense)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Domingo 28 de setembro >> 15.00 h



De paso polo decano dos nosos mosteiros, faremos tamén unha aproximación ao impresionante contorno natural que o rodea. Seguindo o chamado Camiño Real, esta ruta circular partirá de San Pedro de Rocas para discorrer por unha verea que conserva os seus muros laterais e o empedrado onde poden verse as rodeiras dos carros que a transitaban antigamente. Este camiño constituía un eixe estratéxico como vía de comunicación cara ás terras de Aguiar e de Ourense. Nel destacan fitos como o peto de ánimas de Meiroá, a fonte de san Bieito, o propio mosteiro de Rocas e o bosque de coníferas que ascende cara aos picos pedregosos que lle dan nome, nunha paraxe natural excepcional.

**Hora e lugar de encontro:** ás 15.00 h no Centro de Interpretación da Ribeira Sacra (antiga casa prioral)

**Duración:** dúas horas e media aproximadamente

**Distancia:** 9 km

**Dificultade:** media-baixa

**Capacidade máxima:** 50 persoas

**Inscripción:** do 13 ao 24 de setembro en [actividades@espazossonoros.org](mailto:actividades@espazossonoros.org)

**Público:** actividade para todos os públicos

**Non esquezas:**

- \_Calzado cómodo para camiñar
- \_Unha botella de auga
- \_Unha gorra para o sol
- \_Un impermeable por se chove
- \_Chocolate e unha mazá

## Mercedes Hernández e Fernando Reyes ...///

Santa María do Azogue, Betanzos (A Coruña)

Sábado 4 de outubro >> 20.30 h

### OH, MARÍA!

CANTOS PARA A NAI DE DEUS

OBRAS DE MONTEVERDI, BARBARA STROZZI E  
TARQUINIO MERULA, ENTRE OUTROS

Mercedes Hernández e Fernando Reyes son membros integrantes e fundadores do grupo Resonet, unha das formacións galegas máis recoñecidas internacionalmente dentro do mundo da música antiga, con máis de vinte anos de traxectoria, unha ampla produción discográfica e concertos nos máis prestixiosos festivais de toda Europa.

O seu repertorio abrangue desde a música medieval galega á ópera veneciana do século XVII, pasando pola polifonía renacentista e pola música barroca española, e cunha atención especial ás músicas relacionadas co Camiño de Santiago.

Estes dous músicos presentan, para a ocasión, un programa integrado por motetes e cantos de autores europeos do século XVII. Obras de gran virtuosismo vocal, pertencentes aos máis grandes mestres do inicio do barroco musical, alternarán con tocatas e obras creadas para un instrumento que naceu para acompañar a voz, a tiorba.

Cantos medievais e renacentistas, que se cadra foron xa escoitados noutrora no marabilloso espazo de Santa María do Azogue, completan este magnífico programa.

[resonet.es](http://resonet.es)



## Doa ...///

Santa Mariña de Augas Santas, Allariz (Ourense)

Domingo 5 de outubro >> 19.00 h

### A FRONDA DOS CERVOS

**Susana de Lorenzo**, voz, harmonium  
**Xoan Piñón**, guitarra acústica  
**Bernardo Martínez**, percusión, frauta

Doa é un grupo de música que reinterpreta as músicas populares e medievais de raíz galega, a través de linguaxes e formas musicais propias e orixinais, conformando un estilo que eles mesmos definen como “folk de vangarda”, que combina elementos ancestrais con recursos contemporáneos. Formado na década dos 70, Doa é un dos grupos decanos da música galega e segue mantendo, desde entón, unha intensa actividade musical. Entre os seus integrantes figuran músicos como Xoán Piñón, membro fundador do grupo, que pertenceu a diversas formacións de música experimental, rock e folk, e un dos pioneiros da música galega contemporánea; Bernardo Martínez,

membro fundador, tamén é unha das figuras máis importantes do panorama do novo folk; e Susana de Lorenzo, soprano de gran versatilidade, cunha impresionante voz chea de emoción e matices.

O programa do concerto xira arredor do seu último traballo, *A fronda dos cervos*, disco que acadou o Premio Opinión ao Mellor Disco de Música Folk 2011 e outros recoñecementos e excelentes críticas nos medios galegos, europeos e mesmo nos EUA, xunto a unha escolma de traballos anteriores do grupo. A través de pezas da lírica galega medieval e doutras pezas dos nosos códices e do repertorio popular, o grupo Doa explora o simbolismo dos bosques milenarios e trasládanos ao antigo mundo da Galicia medieval, que se nos presenta cunha estética contemporánea para un espazo, a igrexa de Santa Mariña de Augas Santas, frondoso de natureza, historia, simboloxía e auga.

[doa-music.com](http://doa-music.com)



## >> Ruta polo castro de Armeá e Santa Mariña de Augas Santas

Allariz (Ourense)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Domingo 5 de outubro >> 15.00 h

O santuario de Augas Santas atesoura un extraordinario patrimonio cultural e natural envolto no misterio, que suscita numerosos interrogantes. Desde hai séculos serve de escenario sobre o que se sostén a tradición haxiográfica de santa Mariña. O relato do martirio e morte da santa integrou numerosos espazos do seu contorno nun mesmo fío discursivo mediante a sacralización dalgúns deles, de probable culto precristián, o que sen dúbida tamén favoreceu a súa subsistencia milenaria. A comprensión global deste conxunto natural, histórico e relixioso obriga a que a súa visita se faga a partir do relato da vida da mártir, no que latexa unha constante tensión entre tradición haxiográfica e realidade histórica.

A visita, guiada pola Asociación de Estudos de Santa Mariña de Augas Santas, comezará no exterior da cabeceira do templo románico cunha contextualización histórica e artística da antiga igrexa colexial, e continuará polo interior do templo románico onde, segundo a tradición, repousa o corpo de santa Mariña.

A continuación, camiñaremos cara ao “forno da santa” e baixaremos polo camiño que leva á aldeíña de Armeá. Na inconclusa igrexa da Ascensión, tamén románica, descenderemos á cripta onde se conserva a cisterna, a pedra formosa e o “forno” que a tradición sinala como escenarios do martirio, datados historicamente na época castrexa. De volta ao camiño, deterémonos ante as “piocas da santa”

para nos internar logo no castro de Armeá (séculos I-IV) e achegámonos ás escavacións de varias edificacións de época romana. No regreso á antiga colexiata subiremos polo Camiño Real que unía a cidade de Ourense con Allariz.

**Hora e lugar de encontro:** 15.00 h no atrio da igrexa de Santa Mariña de Augas Santas

**Duración:** dúas horas e media aproximadamente

**Distancia:** 6 km

**Dificultade:** media-baixa

**Capacidade máxima:** 50 persoas

**Inscrición:** do 20 de setembro ao 1 de outubro en [actividades@espazossonoros.org](mailto:actividades@espazossonoros.org)

**Público:** actividade para todos os públicos

### Non esquezas:

- \_Calzado cómodo para camiñar
- \_Unha botella de auga
- \_Unha gorra para o sol
- \_Un impermeable por se chove
- \_Chocolate e unha mazá

## Marco Beasley & friends ...///

San Vicente de Pombeiro, Pantón (Lugo)

Sábado 11 de outubro >> 19.00 h

### AS ESTRADAS DO CORAZÓN

UNHA VIAXE AO CORAZÓN DO RENACEMENTO ITALIANO  
A TRAVÉS DE FRÓTOLAS, TARANTELAS E PALABRAS DE  
AMOR

**Marco Beasley**, canto  
**Stefano Rocco**, guitarra barroca, laúde  
**Fabio Accurso**, arquilaúde

Poucos tenores logran nas súas interpretacións a perfección de Beasley, froito dun equilibrio exquisito entre un fermoso e delicado timbre de voz e unha execución estilisticamente coidada ao tempo que temperamental, próxima e fresca. Ninguén coma el é quen de interpretar os repertorios renacentistas e barrocos e atreverse cos repertorios da música tradicional napolitana, coa que comparte raíces, e que enfronta con paixón e grande entedemento. O poliédrico tenor italiano preséntase nesta ocasión acompañado polos laudistas Fabio Accurso e Stefano Rocco, dous dos fundadores, xunto con el mesmo e Guido Morini, do conxunto Accordone, para interpretar un programa que percorre varios séculos da música italiana, tomando como punto de partida e chegada o sur de Italia, punto de encontro e de mestura de culturas ao longo dos tempos.

Tarantelas e cancións tradicionais napolitanas, xunto

coas máis intelectualizadas e delicadas frótolas renacentistas de autores como Tromboncino ou Marco Cara, compoñen un programa cheo de temperamento e contrastes, interpretado por unha das formacións máis aclamadas do panorama musical europeo.

[accordone.it](http://accordone.it)



## >> Visita guiada en San Vicente de Pombeiro

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Sábado 11 de outubro >> 18.00 h

Se queres saber máis sobre a igrexa de San Vicente de Pombeiro, unhas das xoias do románico da Ribeira Sacra, non perdas a visita guiada que se fará antes do concerto.

Hora da visita: 18.00 h

## >> Obradoiro de achegamento á música antiga

Pazo de Tor, Monforte de Lemos (Lugo)

Sábado 18 de outubro >> 17.30 h

OUTRAS ACTIVIDADES

UNHA CITA COA MÚSICA ANTIGA E COS SEUS INSTRUMENTOS, PARA COÑECELOS E GOZAR DELES: OS INSTRUMENTOS ANTIGOS DE TECLA

Este espazo para o achegamento dos públicos á música antiga pecha o ciclo dedicado ás familias dos instrumentos antigos e detense, nesta ocasión, nos instrumentos de tecla. Un *organetto*, unha espineta, un clavicordio, un piano organizado e un fortepiano serán os protagonistas dunha tarde de escoita arredor da música antiga, da man de intérpretes especialistas que nos introducirán nas sonoridades e particularidades destes instrumentos e da música que con eles se interpretaba, sempre rodeados do bo humor e do ambiente distendido que vén caracterizando estes obradoiros ao longo do seu percorrido.

Todo, nun contexto único: o salón da música do pazo de Tor, un lugar de encontro co noso pasado musical, onde se poderán contemplar auténticos exemplares de instrumentos antigos de tecla, propiedade da familia que habitou o pazo, algún deles, como o piano organizado, un híbrido entre piano e órgano, case únicos no mundo.

**Capacidade máxima:** 50 persoas

**Inscripción:** do 4 ao 15 de outubro en [actividades@espazossonoros.org](mailto:actividades@espazossonoros.org)

**Público:** para todos os públicos, con ou sen coñecementos de música



## >> Visita guiada polo pazo de Tor (Monforte de Lemos)

Pazo de Tor, Monforte de Lemos (Lugo)

Sábado 18 de outubro >> 16.30 h

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Para as persoas que asistan ao obradoiro de achegamento á música antiga, está prevista unha visita na que teremos oportunidade de percorrer as diferentes salas e dependencias do pazo, os xardíns e as construcións adxectivas que completan este singular conxunto.

**Hora da visita:** 16.30 h

## Voltage opposites ...///

Igrexa da Magdalena, Ribadavia (Ourense)

Sábado 25 de outubro >> 19.00 h

### MICRO IMPACTOS

SUITE CONTEMPORÁNEA ESCENOGRÁFICA PARA UNHA ARQUITECTURA DESHABITADA. MUNDOS INTERIORES E ESPAZOS DESHABITADOS

**Paula Quintas**, coreografía e interpretación  
**Xoán-Xil López**, creación sonora  
**Adriana Pazos Ottón**, imaxe, localizacións vídeo e tratamento visual

Micro Impactos é unha obra que afonda na interrelación entre a danza contemporánea, o *live cinema* e a experimentación sonora, para xerar un código relacional propio a partir da combinación entre as tres disciplinas artísticas e a confrontación entre os conceptos de “corpo físico” e “corpo dixital”.

Estruturada en módulos-impactos, a obra parte dunha localización concreta (*site specific*) para ir conformando un espazo escénico de seu a través da combinación das sensacións que transmiten o movemento do corpo, a proxección das imaxes transformadas a tempo real e a reelaboración, ao vivo, do espazo sonoro no que a obra foi concibida:

as ruínas dun edificio modernista dos anos vinte, situado no concello de Oza, proxectado polo arquitecto Rafael Antonio González Villar como sanatorio para tuberculosos, e que nunca chegou a habitarse.

A instalación pretende, deste xeito, fixar a presenza do lugar e das sensacións que este produce ao recrealo, unha vez e outra, no proceso de execución da obra. O proxecto rastrea os movementos, os silencios, o racional e o que emociona dun edificio con vida propia, para captar a súa esencia e devolvela ao público a través destes micro impactos.

[voltageopposites.wix.com/voltageopposites](http://voltageopposites.wix.com/voltageopposites)





## Xoán Curiel ...///

Poboado mineiro de Fontao, Vila de Cruces (Pontevedra)

Domingo 26 de outubro >> 12.30 h

### NOVAS

**Xoán Curiel**, guitarras, ukelele  
**Adrián Solla**, teclado, acordeón e efectos  
**Alberte Rodríguez**, contrabaixo, baixo eléctrico

Xoán Curiel é un dos máis firmes valores da música galega. Cantautor de fonda traxectoria, representa o que se podería denominar “pop-étnico” galego, que embebe dun universo de sonoridades que abranguen desde a música de raíz ata o jazz, o pop, o reggae e a música de autor. Artista versátil, participou como actor, músico, director, cantante ou bailarín nos proxectos máis diversos, entre os que destacan *A nena* e *o grilo* ou *Cores do Atlántico*, xunto a Socorro Lira, Uxía, Margareth Meneçes ou João Afonso.

*Novas* é o novo espectáculo de Xoán Curiel. Nel enfróntase a temas inéditos e versións de vellos temas seus cun formato musical diferente, sen percusión e con bases electrónicas. A través das súas cancións, Curiel transmite sensibilidade e poesía a través dun discurso propio e crítico para facer unha lectura artística de denuncia dos problemas que ameazan a sociedade contemporánea, desde unha perspectiva fresca e optimista.

[xoancuriel.com](http://xoancuriel.com)

CLAUSURA

COÑECE O TEU PATRIMONIO

## >> Visita guiada ao poboado mineiro de Fontao

Poboado mineiro de Fontao, Vila de Cruces (Pontevedra)

Domingo 26 de outubro >> 11.00 h

Antes do concerto de Xoán Curiel, faremos unha visita ao poboado mineiro de Fontao da man da historiadora Encarna Otero Cepeda, directora do documental *A luz do negro. O volframio da Brea e o poboado do Fontao*, producido polo Consello da Cultura Galega, e coñecedora, en profundidade, da memoria do que foi a vida arredor das minas da Brea.

**Lugar e hora:** na praza, xunto ao cine do poboado, ás 11.00 h





# Espazos sonoros

Espazos... 2014 >>



[www.espazossonoros.org](http://www.espazossonoros.org)

## Poboado mineiro de Fontao

Vila de Cruces (Pontevedra)

**Domingo 26 de outubro, 12.30 h >> Xoán Curiel**  
**CONCERTO CLAUSURA**

Cofece o teu patrimonio: ás 11.00 h, visita guiada

Situado na ladeira occidental do monte do Carqueixal, sobre a marxe dereita do río Deza, este singular conxunto creceu ao abeiro da industria mineira que, xa desde o século XIX, se viña desenvolvendo na zona para a extracción do estaño e da casiterita.

As minas de Fontao contiñan tamén volframio, un mineral sen apenas valor que adquiriu, durante a Segunda Guerra Mundial, un carácter estratéxico de primeira orde polas súas aptitudes para a fabricación de material bélico.

Alemaña non dispuña deste mineral e, coa guerra, viu cortada a subministración que lle chegaba de Oriente, polo cal as minas de volframio da Península e as galegas, en particular, convertéronse nun obxectivo estratéxico para o Terceiro *Reich*. Por este motivo, a mina de Fontao experimentará unha rápida expansión durante a Segunda Guerra Mundial. Rematada a guerra, iniciouse o declive da mina, que só se recuperaría grazas á guerra de Corea nos anos cincuenta. Tras este efémero florecemento, a entrada nos mercados europeos de minerais procedentes de Asia levou ao peche da mina de Fontao en 1963.

Nos momentos de maior demanda de mineral, nas

décadas dos corenta e dos cincuenta do pasado século, foise desenvolvendo arredor desta industria mineira un dinámico micromundo industrial que configurou un novo espazo urbano nun contexto profundamente rural, unha especie de pequena cidade con servizos básicos para os traballadores do complexo.

Estes elementos constitúen un dos máis destacados e pouco investigados capítulos da historia industrial e empresarial de Galicia. Precisamente, froito das necesidades que provocou a rápida expansión da industria na metade de século, a empresa concesionaria da mina, a Sociedade Fomento Hispania S.A. emprendeu un proxecto de saneamento xeral da empresa e a construción do poboado obreiro de Fontao. O proxecto responde aos postulados do chamado “paternalismo industrial” que levou, nese tempo, a empresarios privados a deseñar e poñer en marcha custosos programas e obras sociais nos que a vivenda é aspecto clave como elemento que permite arraigar o traballador no proxecto empresarial.

Este ambicioso proxecto de Fontao foi deseñado polo arquitecto César Cort Gómez-Tortosa e executado, entre 1955 e 1958, por Joaquín Basilio Bas. O poboado dispuña de vivendas para os

obreiros e capataces da mina, locais de comercio, cine, igrexa, campo de fútbol e escolas. O seu deseño responde, curiosamente, a un ideario e unha linguaxe urbanísticos modernos e avanzados que enlazan cos presupostos artísticos das vangardas, que quedaran atrás coa República. Ao tempo, o proxecto construtivo inspíranse na contorna rural que o alberga, así como nas características da poboación rural galega, fragmentada e dispersa, que evita unha excesiva deshumanización do conxunto e mantén elementos de conexión coas raíces e coa tradición.

Co peche definitivo da mina en 1974, cando xa só se explotaba a ceo aberto, o conxunto quedou abandonado ata que o adquiriu a Xunta de Galicia para a rehabilitación de vivendas sociais. No ano 2012, os antigos edificios da capela e as escolas foron reformados e acondicionados para albergar o Museo da Minería. O museo dispón de salas de exposicións e dun auditorio que ocupa as dependencias do antigo cine. A apertura do poboado significou unha aposta por poñer en valor este importante conxunto.



# Pazo de Tor

Monforte de Lemos (Lugo)

**Sábado 18 de outubro, 17.30 h** >> Obradoiro de achegamento á música antiga  
Coñece o teu patrimonio: ás 16.30 h, visita guiada

O edificio do pazo de Tor, na parroquia de San Xoán de Tor, no concello de Monforte de Lemos, é un exemplo de pazo señorial galego do último terzo do século XVIII, ocupado ata datas recentes e ben conservado.


A historia do pazo vai ligada ao señorío de Tor, posuído pola liñaxe dos Garza. Dise, entre a lenda e a historia, que estes o obtiveran do rei Ramiro I (no século IX) tras loitaren valentemente contra os invasores normandos. O certo é que o señorío tiña varios privilexios, entre eles, a xurisdición civil e criminal. Preto do pazo actual hai un campo chamado «da forza», e os mesmos baixos do pazo fixeron de prisión. Probablemente con anterioridade ao pazo houbo na zona un castelo, que sería substituído pola construción actual.

O pazo é de estilo barroco, pero xa apunta ao neoclásico en certa austeridade e simetría de liñas, algo comprobable na súa fachada principal. Durante as guerras napoleónicas sufriu a destrución dunha torre e foi obxecto dalgunhas reformas e reparacións. Porén, atópase nun excelente estado de conservación, co seu mobiliario, biblioteca e enxoval ao completo, por mor da doazón que de

todo o conxunto lle fixo á Deputación Provincial de Lugo a súa última ocupante, dona María de la Paz Taboada de Andrés y Zúñiga.

A planta baixa do pazo sería unha zona de servizo, con cocheiras, adega, tullas, vivenda para criados e caseiros, namentres que a alta, á que se accede por medio dunha bonita escaleira e solaina, sería a reservada para os donos do pazo. Nese andar alto hai catro salóns amplos cun total de máis de 300 m<sup>2</sup> de planta, con mobiliario e gran cantidade de pezas de arte que se espaxen nas distintas salas, como a do billar, a biblioteca e a da música.

O pazo contaba cunha importante colección bibliográfica, con máis de 6.000 volumes, incunables e privilexios dados aos señores; o máis antigo deles data do século XIV. A sala da música garda tamén pequenos tesouros, como o excepcional piano organizado (pianoforte e órgano operados cun mesmo teclado) da casa londiniense Longman&Broderip, de últimos do século XVIII. Nesa mesma sala hai un pianoforte, tamén de orixe inglesa, da casa Collard&Collard, xa da metade do século XIX.





## Igrexa da Universidade

Santiago de Compostela (A Coruña)

Sábado 20 de setembro, 16.30 h >> Obradoiro infantil de organería

A chamada igrexa da Compañía (ou dos Xesuítas ou da Universidade) é un notorio templo compostelán aparecido a raíz do establecemento da Compañía de Xesús na cidade, baixo o padroado do arcebispo Francisco Blanco en 1576.

Consagrouse no ano 1673 e, tras a expulsión dos xesuítas en 1767, pasou á universidade, canda o colexio de exercitantes anexo (actual facultade de Filosofía) e o propio colexio dos xesuítas, en cuxos terreos se edificou o edificio da antiga universidade. Desde 1769 funcionou como capela universitaria e tamén como capela para os racioneiros do Sancti Spiritus da catedral de Santiago. Precisamente a súa presenza neste templo xustifica o órgano e o cadeirado de madeira no coro alto, que servían para levar a cabo as funcións litúrxicas que tiñan asignadas polas súas constituicións.

No interior, o altar maior alberga un importante retablo, proxectado polo arquitecto Simón Rodríguez e realizado polos tallistas Miguel de Romay e Ignacio Romero en 1727. Neste retablo, un dos máis importantes e orixinais do Barroco hispano, destaca o grupo central da Asunción da Virxe. No alto, e con forte proxección cara á igrexa, aparece a figura de Deus Pai.

Dentro do presbiterio atópase o sepulcro do benfeitor dos xesuítas, o arcebispo Blanco, morto no ano 1581. A planta da igrexa, con tres naves e galería sobre as laterais, é característica das igrexas xesuítas. Na fachada aparecen as figuras de san Pedro e san Paulo, aínda que é coñecida a curiosa anécdota de que anteriormente representaban os dous grandes patróns xesuíticos: san Ignacio de Loyola e san Francisco Xabier. Coa expulsión da orde, as imaxes foron modificadas e transformadas nos actuais santos polo expeditivo método de decapitar as anteriores e substituír as cabezas.

O órgano, protagonista deste espazo a través de dúas das actividades da programación, foi construído entre 1801 e 1802 polo importante mestre Manuel Sanz. Segue as pautas do órgano barroco ibérico, onde destaca a rechamante trompetería de batalla. A caixa é de formas neoclásicas. O órgano foi restaurado en 1998 polo organeiro Gerhard Grenzing baixo patrocinio da Fundación Barrié.

# Igrexa de Iria Flavia

Padrón (A Coruña)

**Domingo 21 de setembro, 19.00 h >> Marco Aurélio Brescia**

Coñece o teu patrimonio: ás 10.30 h, roldas pola paisaxe organística galega, os órganos de Santiago e terras de Santiago

O lugar e a contorna que hoxe ocupa a igrexa parroquial de Santa María de Iria Flavia ten unha historia milenaria. Neste punto existía unha mansión viaria romana, pertencente á vía XX, que comunicaba Braga e Astorga *per loca marítima*, é dicir, que transitaba próxima á zona da costa da antiga Gallaecia.

A importancia do asentamento da época romana leva á fundación da primitiva sé episcopal de Iria, arredor do século V. De alí parte o bispo Teodomiro cando no ano 813 vai “certificar” o achado dos restos do apóstolo Santiago no lugar de Compostela. Iria continuou a compartir a sé do bispado ata que, en 1095, o bispo Dalmacio trasladou definitivamente a catedral a Compostela. Nese momento Iria pasa a funcionar como colexiata.

A súa longa historia, e tamén a tradición segundo a cal fora fundada polo propio Santiago durante as súas predicacións polo noroeste peninsular, fixeron que gozase dos favores e atencións dos prelados composteláns. De feito, o seu primeiro arcebispo, o célebre Diego Xelmírez, vendo a súa decadencia decidiu nomear un prior e doce cóngos e reconstruíu o antigo pazo do bispo. A súa conversión en parroquia sucede tras o Concordato de 1851,

onde se ditaminou a supresión da meirande parte das colexiatas.

Na súa actual fisionomía a igrexa data de comezos do XVIII, cando foi derrubada a románica debido ao seu estado ruinoso. O responsable da edificación foi o mestre de obras Pedro García, a partir das trazas que deseñaran os arquitectos composteláns Diego Romay e frei Gabriel de Casas.

A igrexa alberga obras notables, tanto desde o punto de vista histórico coma artístico. Destacan o sepulcro do arcebispo Rodrigo de Luna, morto no veciño pazo de Lestrove en 1460, e que se atopa agora situado dentro da capela maior, do lado da epístola. Tamén é de destacar a chamada capela do bispo de Quito, Alonso de la Peña e Montenegro, natural de Padrón, que fora cóngo en Iria e deixara ordenada esta edificación para ser soterrado alí onde os seus parentes, algo que finalmente non se cumpriu.

Na capela maior destaca o retablo, obra de Miguel de Romay, o tallista máis prestixioso do momento, e que fora sufragado polo arcebispo compostelán Monroy con obxecto de albergar a antiga imaxe gótica da Nosa Señora. Da man de Romay é tamén

a obra do cadeirado do coro. Chaman a atención no exterior as torres, coa característica estrutura en chanzos que imita as da fachada do Tesouro da catedral compostelá.

O órgano histórico, protagonista do concerto de Espazos Sonoros, é do tipo barroco ibérico. Froito do proxecto de catalogación dos órganos de Galicia sabemos que foi construído en 1780 polos mestres

Manuel Sanz e Gregorio González (oficiais principais do organeiro real) que viñan de traballar nos órganos da catedral. A caixa é obra de Francisco de Lens. A súa presenza explícase polo pasado da igrexa como colexiata onde, para o canto das horas, era necesario o acompañamento musical do órgano. No ano 1999 foi restaurado polo organeiro Gerhard Grenzing.



# Igrexa da Magdalena

Ribadavia (Ourense)

Sábado 25 de outubro, 19.00 h >> Voltage opposites

Na histórica vila de Ribadavia, que fora un importante núcleo xudeu entre os séculos XII e XV, levántase esta igrexa que data do século XII e que, orixinariamente, se atopaba dentro do conxunto do castelo, baixo a advocación de san Xenxo. O traslado da igrexa á actual localización, no corazón do barrio xudeu, foi decisión de Pedro Ruíz Sarmiento, para ampliar a fortaleza no século XIV e é a partir de 1486 cando pasa a denominarse de Santa María Magdalena.

A pesar do seu pasado románico, nos séculos XVIII e comezos do XIX foi moi modificada. En 1826 constrúese a fachada, que presenta unha linguaxe barroca e na que destaca o campanario.

Hoxe en día, sen culto, é un dos espazos que acolle numerosas actividades culturais da vila de Ribadavia, como concertos, exposicións, mostras de teatro etc., ademais de ser a sede oficial da cea medieval que ten lugar anualmente dentro da Festa da Istoría.



# Igrexa de Santa María

Baiona (Pontevedra)

**Domingo 14 de setembro, 20.00 h >> laReverdie**  
CONCERTO INAUGURAL

Esta igrexa, de aspecto fortificado, pertence ao denominado Románico de transición, tamén chamado oxival, con influencias cistercienses. Disque no século XII existía xa un templo nesa localización que, por un privilexio de 1137 de Afonso VI, pasou a depender do mosteiro de Santa María de Oia pertencente á orde do Císter; ese templo sería substituído por outro, cunhas obras que comezaron a finais do século XII ou comezos do XIII, e que remataron no último terzo do século XIII.

A igrexa presenta planta basilical con tres naves de seis tramos e ábsidas rectangulares, a central de maiores dimensións, cubertas con bóveda de canón apuntada. Nas naves reconstruíuse o teito de madeira.

A fachada occidental dispón de tres rúas delimitadas por dous contrafortes. A rúa central dispón dunha portada e dun sinxelo rosetón. A porta da fachada presenta un tímpano liso, tres pares de columnas e arquivoltas.

A igrexa foi instituída colexiata a finais do século XV por obra do bispo Diego de Muros e tivo tal consideración ata a súa desamortización en 1850.





# San Pedro de Rocas

Esgos (Ourense)

**Domingo 28 de setembro, 19.00 h >> Cuarteto Skirion**

Coñece o teu patrimonio: ás 15.00 h, ruta polo Camiño Real de San Pedro de Rocas

Situado nunha paraxe natural excepcional da Ribeira Sacra, San Pedro de Rocas é un dos conxuntos máis singulares e interesantes de Galicia e do contexto europeo, desde o punto de vista non só histórico e artístico, senón tamén antropolóxico, xa que é mostra das orixes da vida monacal na Idade Media.

Trátase dun lugar totalmente integrado nunha paisaxe de formas graníticas redondeadas onde se ergue un dos mosteiros máis antigos de Galicia, cunha igrexa rupestre escavada nunha das rocas que lle dan nome.

Probablemente existía xa a finais do século IV algún asentamento de vida eremítica na zona, nalgunha cova natural. Se se ten en conta a inscrición da que se considera lápida fundacional, conservada no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, a presenza dos primeiros ocupantes deste lugar remóntase ao ano 573, cando sete varóns se retiraron alí para levar unha vida de oración. Segundo a lenda, o lugar foi redescuberto no século IX, tras un período de abandono, polo cabaleiro Gemodus, que remataría por establecer alí unha comunidade da que sería instituído abade. A figura de Gemodus, sexa parte da lenda ou non, está documentada nun privilexio de 1007 que Afonso V lle concedeu ao mosteiro.

Nos séculos posteriores, o mosteiro pasou a depender de Santo Estevo de Ribas de Sil e posteriormente de San Salvador de Celanova. Foi destruído por un incendio no século XVII e a súa reconstrución daquela é a que lle conferiu o aspecto que mantén na actualidade. Tras a desamortización, na primeira metade do XIX, o edificio pasa a ser igrexa parroquial, clausurada novamente a primeiros do século XX por mor doutro incendio e dos sucesivos derrubamentos.

O conxunto está formado polo edificio do antigo priorado, do século XVII, o campanario que dá acceso ao cemiterio e a igrexa rupestre escavada no penedo e dividida en dúas partes: a chamada igrexa antiga, con fachada do século XII, e a nova.

A igrexa antiga consta de tres naves con ábsidas semicirculares. A nave central está dividida en dous tramos por un arco de reforzo engadido no século XVI. No segundo tramo da nave hai unha apertura no teito pola que entra a luz desde o exterior. No primeiro tramo da nave ábreanse dous arcos que comunican con outras dúas naves; a do lado do Evanxeo mostra restos de pinturas murais, datadas de finais do século XII, nas que se recollen imaxes dun mapamundi.

Debido a que a antiga igrexa debeu de quedar pequena para as necesidades do mosteiro construíuse, probablemente no século XIII, unha nave transversal chamada igrexa nova. O chan desta nave está cheo de sepulcros antropomorfos escavados na pedra. A actual fachada da igrexa foi reconstruída no XIX en estilo neoclásico. Destaca no exterior o campanario de finais do século XV situado sobre unha formación rochosa, cunha espadana de dous ocos, así como o antigo cemiterio, do século XIX, do que parte un camiño que baixa ata a fonte de san Bieito, tamén escavada nas penas.



# Santa Mariña de Augas Santas

Allariz (Ourense)

**Domingo 5 de outubro, 19.00 h >> Doa**

Coñece o teu patrimonio: ás 15.00 h, ruta polo castro de Armeá e o conxunto de Santa Mariña de Augas Santas

Santa Mariña de Augas Santas constitúe un interesantísimo conxunto no que se mesturan, sen solución de continuidade, elementos da natureza, da historia, da tradición e da lenda.

Situado a 6 km de Allariz, entre o río Arnoia e o río Barbaña, este conxunto está vinculado á lenda de santa Mariña, mártir cristiá pertencente probablemente ao século II. Segundo a lenda, Mariña, filla dun gobernador da rexión da Limia, próxima ao que hoxe é Xinzo de Limia, foi criada por unha muller labrega que a educou na fe cristiá, relixión que comezaba a expandirse na altura pola Península. Mariña resistiu aos desexos do prefecto Olibrio, que empregou todo tipo de estratexias para forzar a moza a renunciar á fe cristiá e facela a súa esposa, incluídas a cadea e o castigo. Pero nin a tortura nin a condena a morrer abrasada foron eficaces, ata que o prefecto ordenou que lle cortasen a cabeza. Así e todo, no momento da execución, a cabeza da mártir rebotou tres veces, agromando con cada bote unha fonte no lugar no que aínda hoxe se atopan.

Na contorna da igrexa existen toda unha serie de elementos que fan referencia á lenda, como a piousca da santa, na que se refrescou para non morrer abrasada, e os fornos nos que se practicou

a tortura e que forman parte da cripta da igrexa da Ascensión, que se comezou a construír no século XIII, pero que ficou inconclusa. Estes restos, ben podería formar parte dunha construción anterior de orixe castrexa, as chamadas pedras *formosas*, elementos de orixe e funcionalidade discutida e que se atopan nalgúns castros romanizados.

No lugar no que se supón soterrada a santa hai unha igrexa, unha das mellores mostras da nosa arquitectura dos séculos XII e XIII. Existen teorías enfrontadas sobre a súa orixe: as que afirman que foi construída por cóngos regulares de Santo Agostiño avanzado o século XII, pasando posteriormente a mans dos templarios ata a súa supresión en 1312, e aquelas que afirman que xa no século XII residía en Augas Santas unha comunidade de bieitos que dependía de Celanova. Posteriormente, a xurisdición pasou a ser episcopal ao ser reclamada polo bispo de Ourense, que estableceu no antigo mosteiro a súa residencia de descanso deica o século XIX.

A igrexa de Santa Mariña de Augas Santas é de planta basilical de tres naves que rematan en ábsidas semicirculares. Comezouse a construír pola cabeceira e continuou polos muros perimetrais. Fixose despois a división interna das naves e as

obras remataron xa no século XIII. Os arcos de acceso ás ábsidas son semicirculares cunha lixeira tendencia a apuntarse. Enriba do arco triunfal de cada unha delas ábrese un rosetón. A igrexa ten un falso triforio que recorda o de Xunqueira de Ambía. Na contraportada salienta o arco liso da porta, esta con dobre arquivolta, e o rosetón de decoración xeométrica. A fachada principal organizase en tres

rúas con contrafortes nos extremos e, nos puntos onde cargan, no interior, os arcos forneiros. Nestes contrafortes apóianse arcos lixeiramente apuntados nas rúas laterais, baixo os que se abren pequenos rosetóns. Durante o Barroco, a fábrica experimentou algunhas transformacións, e a torre con espadana é xa do século XVIII.



# Santuario da Nosa Señora dos Desamparados de Abades

Silleda (Pontevedra)

**Sábado 27 de setembro, 19.00 h >> E Ultraia**

Coñece o teu patrimonio: ás 10.00 h, xornada de patrimonio, natureza e lecer Abades a través da historia

A comarca de Trasdeza acolle este santuario, non moi coñecido no resto de Galicia pero que ben paga unha viaxe. Forma parte dun notorio conxunto, coa interesante igrexa románica adxacente (a igrexa parroquial), a casa reitoral, o antigo mesón para os peregrinos e mais o cruceiro. Está no que é case a última parroquia da diocese de Lugo cara ao suroeste, xa na provincia de Pontevedra, no concello de Silleda. A súa contorna é rica en patrimonio histórico e natural: atópase moi preto do mosteiro de Carboeiro, da igrexa románica de Ansemil e a poucos quilómetros da fervenza do Toxa.

O santuario ten a súa orixe nunha fundación feita por un párroco valenciano, Joaquín de Espés, que recalou en Santa María de Abades e que está enterrado na propia igrexa. Mercé ás rendas de diversas doazóns iniciouse a construción dun edificio que, tendo en conta a súa situación nunha parroquia do rural galego, ten unhas proporcións sorprendentes.

A súa traza e execución debeuse ao mestre Melchor Ricoi, orixinario, ao parecer, de Cotobade, e que traballou por Galicia colaborando co seu irmán Alberto. Estes mestres son coñecidos, sobre todo, pola fábrica da igrexa parroquial de Pontedeume. A de Abades iniciouse cara ao ano 1765 e o 19 de abril de 1787 rematábase a media laranxa da súa

cúpula, segundo a inscrición en latín que figura nela. Presenta similitudes coa dita igrexa parroquial e ten moitos dos elementos típicos do Barroco compostelán da segunda metade do século XVIII, xa en transición cara ao estilo clásico.

O edificio está inacabado e, daquela, a entrada faise por un pórtico lateral, con tres arcos de medio punto e sobre o que se levanta a esvelta e monumental torre, que é a máis alta da contorna. O santuario ten tamén un interesante camarín, enriba da sancristía, que paga a pena visitar.

A saneada economía do santuario permitiu “vestilo” con certo luxo. Destacan dúas figuras de Gambino de San Xaquín e San Xosé e as pinturas de Juan Calvelo que cobren laterais da capela, o púlpito e o órgano. Este último foi realizado polo importante artífice compostelán, da orde franciscana, frei Felipe de la Peña, en 1793. É un exemplar único en Galicia no seu xénero, que se conserva, cos seus foles, no estado orixinario.





## San Vicente de Pombeiro

Pantón (Lugo)

**Sábado 11 de outubro, 19.00 h** >> Marco Beasley & friends

Coñece o teu patrimonio: ás 18.00 h, visita guiada

A igrexa de San Vicente de Pombeiro atópase nun enclave único e vizoso da chamada Ribeira Sacra, no lado do río que dá ao sur. Malia a notable pendente do terreo, a súa situación privilexiada, protexida do norte, co río Sil próximo e varios regatos baixando a pendente do terreo, chamou, sen dúbida, a atención dos frades que tantos mosteiros fundaron nesta zona. En concreto, o de Pombeiro ten unha orixe anterior ao ano 935, de cando data a primeira referencia documental coñecida. No século XI xa aparece entre os mosteiros cluniacenses da Península e así seguirá ata primeiros do século XVI, cando a centralización monástica, que tanto afectou a Galicia, o deixou coma priorado dependente do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil, distante uns poucos quilómetros de Pombeiro, do outro lado do río.

Da primitiva fábrica do mosteiro hoxe queda soamente a igrexa, de tamaño considerable e con tres naves. Calcúlase que a súa construción foi iniciada contra o século XII, aproveitando doazóns reais que aumentaron os bens do mosteiro, durante os reinados de Afonso VII, Fernando II, Afonso IX e Fernando III. Porén, na parte das naves, quedou sen respectar o proxecto orixinal, talvez por falla de fondos, dado o considerable tamaño e altura que disque estaba previsto darlles ás naves, a

central máis elevada ca as laterais. De feito, o único elemento orixinal que permaneceu é a cabeceira, con tres ábsidas semicirculares, que se sitúa nunha escavación feita no terreo por mor da pendente.

A igrexa, coa tradicional orientación leste-oeste, ten tres portas; a máis interesante delas tres, sen dúbida, é a que dá ao sur, cunha tripla arquivolta apuntada e decoración de follas.

Ao carón da igrexa atópase un exemplo bo de casa prioral, de cumpridas proporcións, que conserva o seu patio e, tras dela, unha horta hoxe abandonada, coa súa fonte e porta ao camiño que sobe desde a aldea de Pombeiro. En fronte da portada principal, nunha horta en socalcos e aproveitando unha canalización, o prior e os monxes de Pombeiro tiñan un enxeñoso sistema que lles permitía criar as anguías para o seu consumo.

# Santa María do Azogue

Betanzos (A Coruña)

Sábado 4 de outubro, 20.30 h >> Mercedes Hernández e Fernando Reyes

No núcleo medieval de Betanzos, Santa María do Azogue conforma, xunto con San Francisco e Santiago, un notorio conxunto de igrexas, todas tres construídas por Fernán Pérez de Andrade o *Bo*, no século XIV. O seu símbolo e armas aparecen en diversas partes do templo e tamén o xabaril coa cruz no testeiro.

A igrexa ten planta basilical, con tres naves con arcos oxivais como corresponde á súa época de construción, a central máis alta cas laterais e protexidas por unha cuberta a dúas augas. A portada principal é moi fermosa: a porta, ricamente decorada, ten as arquivoltas adornadas con follas de acanto e unha gloria con anxos e músicos. O tímpano, coa Virxe e o Neno lixeiramente máis grandes ca o resto de figuras e en posición central, representa a Adoración dos Reis (á esquerda) e a Anunciación (á dereita). Nunhas fornelas laterais están representadas a Virxe e o arcanxo San Gabriel. A parte superior da portada ten un rosetón. A esvelta cabeceira ten tres ábsidas, as laterais de planta cadrada e a central heptagonal.

O interior da igrexa tamén ten importantes elementos que paga a pena destacar. Comezamos polo retablo do altar maior, do século XVIII, que acolle tallas do século XV, da escola hispana e flamenca de estilo gótico. A pía bautismal, na zona do baptisterio,

é tamén gótica de considerable tamaño. Nos arcosolios encaixados nos muros macizos hai enterramentos, un deles, o de Bonome, notario de Betanzos, e retablos dedicados a san Pedro e a san Sebastián, do século XVIII, patróns respectivos das confrarías gremiais de zapateiros e prateiros.

Dado o carácter de Betanzos de vila medieval arquetípica, coa súa pléiade de artesáns e burgueses, a igrexa tamén acollía un altar dedicado a san Miguel, patrón dos mariñeiros, do que hoxe só conserva a súa figura.


Esta vida vilega e os beneficios das doazóns dos diversos gremios sen dúbida contribuíron a que a economía de Santa María fose relativamente saneada. Isto pode explicar a presenza dun órgano neste templo, situado no coro, pois está documentado que, entre 1629 e 1630, o organeiro Gaspar de Alaraz e Estrada, veciño de Santiago e moi activo daquela en Galicia, constrúe un órgano novo para Santa María.

A música que escoitaremos nesta edición do festival Espazos Sonoros daralle continuidade a aquela que, durante séculos, se houbo tamén escoitar, entre os xeitosos muros de cantería da igrexa, do órgano acompañando os cantos litúrxicos.



# Espazos para unha arquitectura sostible

Empresas e entidades colaboradoras... >>



[www.hammerer.co](http://www.hammerer.co)

# Descubre BAIONA

  
Baiona fascinante



**Fascinante!**  
[www.turismodebaiona.com](http://www.turismodebaiona.com)



**CONCELLO  
DE BAIONA**

## Máisquerománico



Servizo de guías de turismo  
especializado de Galicia

Percorridos guiados pola Ribeira Sacra.

Tfl.: 646 533 229  
[maisquerománico@mundo-r.com](mailto:maisquerománico@mundo-r.com)



**Bodega Roandi**  
c/ O Lagar, s/n.  
32336 Éntoma - O Barco  
(Ourense)  
T. +34 988 335 198  
[info@bodegaroandi.com](mailto:info@bodegaroandi.com)  
[www.bodegaroandi.com](http://www.bodegaroandi.com)

**Roandi**  
BODEGA Y VIÑEDOS

II FESTIVAL INTERNACIONAL

2015  
*IN*  
SPI  
RI  
TUM

*Música e Contemplação  
na cidade do*  
PORTO

ABRIL 2015



/inspiritum

[www.festivalinspiritum.com](http://www.festivalinspiritum.com)



RIBEIRA SACRA

Consello Regulador Denominación de Orixe

Rúa do Comercio 6-8, 27400 Monforte de Lemos - Lugo - España


Telf.: +34 982 41 09 68 Fax.: +34 982 41 12 65

[info@ribeirosacra.org](mailto:info@ribeirosacra.org) [www.ribeirosacra.org](http://www.ribeirosacra.org)





Ribeira  Sacra



“A diferenza entre unha vida extraordinaria e unha vida cotiá é encontrar un pracer extraordinario nas cousas cotiás”

**NOTA DE CATA:**

Cor amarela pallosa, intensa e limpa.

Destacan as notas varietais como herba seca e de froita como mazá e pera. Intenso toque de flores silvestres cun lixeiro fondo cítrico de lima.

Paso por boca intenso e graxo, con boa estrutura froito do traballo con lías. A densidade e untuosidade envolven o padal. O viño continúa cun final longo e persistente.

*Mellor Viño Branco de Galicia*

XXIV CATA DE VIÑOS DE GALICIA

[www.almaatlantica.com](http://www.almaatlantica.com)





Centro de Formación de  
Tecnoloxías Apple



Authorised  
Training Centre



**ACME Galicia** é o Centro de Formación Autorizado Apple onde podes realizar todo tipo de cursos sobre Mac e iPad. Ademais está dispoñíbel unha programación anual de cursos de deseño gráfico, web, fotografía, vídeo, animación, son e imaxe corporativa que che permitirán acadar un nivel profesional no ámbito creativo e publicitario.

Rúa dos Irmáns Rey Alvite 1, Santiago. Telf: 981 56 28 25  
www.acmegalicia.com - info@acmegalicia.com



CASABLANCAS

SEGUROS PARA  
INSTRUMENTOS MUSICAIS



www.mcasablancas.com



**MATRÍCULA ABERTA**  
**SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**ACORDEÓN  
DIATÓNICO**  
**PERCUSIÓN**  
**SANFONA**  
**VIOLINO**

**CANTO**  
**GAITA**  
**FRAUTAS E  
REQUINTA**  
**HARMONÍA E  
ARRANXOS**

+ info: [www.folque.com](http://www.folque.com) [info@folque.com](mailto:info@folque.com)

## Colaboran... >>



Ribeira  Sacra



Concello de Baiona



Concello de  
*Vila de Cruces*



E tamén o noso agradecemento a...

- > D. Eduardo Fernández Rodríguez, párroco de Santa Mariña de Augas Santas
- > D. Plácido González Ares, párroco de San Vicente de Pombeiro
- > D. Roberto Martínez Díaz, párroco de Santa María de Iria Flavia
- > D.ª Encarna Otero Cepeda, historiadora
- > D. Santiago Pérez González, párroco de Santa María do Azogue
- > D. Enrique Rodríguez Hernando, padre dominico responsable do convento de San Xosé ou do Carme de Padrón
- > D. Manuel Salcidos González, párroco da igrexa de Santa María de Baiona
- > D. José Ramón Seara Valero, presidente da Asociación de Estudos de Santa Mariña de Augas Santas
- > D. Manuel Villar Diéguez, párroco da Nosa Señora dos Desamparados de Abades
- > Padres franciscanos da comunidade franciscana de Santiago de Compostela
- > Congregación das irmás dominicas do convento de Belvis de Santiago de Compostela
- > Granxa Escola Ferverza do Toxa
- > Asociación veciñal A Costa de Abades
- > Asociación veciñal Minas da Brea

**Espazos  
sonoros**

galicia



XUNTA  
DE GALICIA

Open book with two pages of forms, likely related to the Xunta de Galicia. The forms contain various fields and text, including a header with the Xunta de Galicia logo and the text 'XUNTA DE GALICIA'.